

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 28 DE MAIO DE

2009

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de maio de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás seguintes sesións: ordinaria do día 29 de xaneiro de 2009, extraordinaria do día 2 de febreiro de 2009, extraordinaria do día 9 de febreiro de 2009 e ordinaria do día 26 de febreiro de 2009

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de xaneiro, sesión

extraordinaria do día 2 de febreiro, sesión extraordinaria do día 9 de febreiro e sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2009.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Proposta de modificación dos cronogramas, distribución orzamentaria anual e entre actuacións, incluídas no proxecto “Arume”

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de maio de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 26 de maio actual.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o proxecto “Arume” foi, unha vez máis, algo precipitado, e agora resulta que se atopan con que non saben que facer, como pasa co campo da feira. Incluíronse actuacións que agora non se ten claro se se poden facer, nin de que maneira e, en consecuencia, está claro que é necesario ampliar os prazos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que el quixera profundizar un pouco máis no que significa o proxecto “Arume”, porque foi un tema de bastante debate no pleno de febreiro de 2009. Di que este é un proxecto que naceu sen padriños, con moitos reparos, e cunha profunda crítica e debate, como se pode ver nas actas plenarias. Tamén destaca o informe de Intervención onde di, entre outras cousas, que a achega a realizar ao longo de tres orzamentos, supón limitar a capacidade do concello para acometer outro tipo de investimentos. Este informe deixa entrever unha certa reticencia en este tipo de investimentos, e recolle que o aumento do gasto corrente, detraerá recursos e minorará a capacidade de investimento con fondos propios, e tamén aconsella reflexionar sobre a prioridade dos investimentos que o concello pretende acometer, as necesidades públicas que se queren atender e financiar estas.

O proxecto foi elaborado pola empresa EOASA, para os anos 2008, 2009 e 2010. Na memoria poden verse continuas incorreccións e datos erróneos, incluso o propio goberno así o recoñecía, debido ao escaso tempo para traballar no tema, e tamén recoñecía que ese traballo se fixo á présa e correndo, aínda que defenden á empresa que elaborou o citado proxecto.

Pero di que non só a memoria está mal feita, senón que, como de costume, este goberno presentou o tema a última hora, xa que o pleno que tiveron para aprobalo foi o día 13, e a finalización para entregar os proxectos era o día 15, facendo así uso da súa estratexia política de pasar a presión aos demais grupos, apelando á responsabilidade para non perder os cartos.

Di que o seu grupo municipal fixo propostas concretas, no sentido de facer uns investimentos máis racionais e equitativos, na idea de que fose mellor distribuído no conxunto das parroquias do concello. As súas propostas foron a cubrición e o cerramento da polideportiva de Pravio, de Sta. M^a de Vigo, a construción dunha piscina descuberta nas instalacións do complexo Dani Mallo, e tamén un centro socio-cultural para a parroquia de Meixigo. Teñen que dicir que no Fondo de Investimento Local se incluíu a cubrición da polideportiva de Pravio.

Continúa dicindo que con isto o que pretendían era un reparto de diñeiro público no conxunto do concello, intentando que fose o máis ecuánime posible en función das necesidades dos veciños de Cambre. Agora resulta que dous dos proxectos que o seu grupo tiña tratado de cambiar, xa tiveron que ser cambiados, un deles como resultado dun acordo do PP e do PSOE, refírese á eliminación da Casa das ideas que supuxo a inclusión da insonorización do centro socio-cultural do Graxal, e recentemente foi eliminado o parque multifuncional de Sigrás, por non ter feito un estudo previo para detectar as anomalías que agora son motivo para xustificar os cambios do proxecto.

Di que, a modo de conclusión, pódese observar o seguinte: que a memoria do proxecto se presenta tarde, mal, e con moitos erros, con limitadas posibilidades de emendar algo por parte dos concelleiros da oposición. En segundo lugar, como dicía o informe da Intervención, pode hipotecar futuros investimentos, eles pensan que xa os está hipotecando. E, en terceiro lugar que, a día de hoxe, non se presentou ningún proxecto ou plan de actuación para aprobación no pleno, e como consecuencia o goberno recorre á prolongación dos prazos.

Para o seu grupo este proxecto queda totalmente desvirtuado, polo menos no que se refire ao tempo, ás obras a realizar, e ao cumprimento dos prazos de execución. Tamén queda en tea de xuízo a propia capacidade do goberno local, que non é capaz de executar as obras que eles mesmos propoñen e aproban.

O seu grupo tampouco está de acordo cos argumentos para o propio aprazamento. Tiveron case dous anos para buscar uns terreos para a instalación da pista de skate. Tamén pregunta en que consiste o plan de humanización do Graxal, os veciños preguntáanse que é o que se vai a humanizar, ademais de que coa desculpa deste proxecto, non se invisten cartos do Fondo de Investimento Local para esa zona.

Tamén quere dicir que un dos proxectos que, a xuízo do seu grupo, é un dos máis ambiciosos, a rexeneración urbana do campo da feira, que tamén se apraza no tempo porque a obra tería que estar iniciada no cuarto trimestre do 2008 para ser rematada no primeiro trimestre de 2010, agora pretenden aprazala un ano, pero sen ter nada claro sobre o que se vai facer, a pesar de que, no pleno pasado, aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo seu grupo, relativa a facer un concurso de ideas para a reordenación urbana do conxunto do espazo público ao que se está a referir. Di que o grupo de goberno xa tivo tempo máis que suficiente para ter tramitado con Patrimonio o informe preceptivo da actuación pretendida dese lugar, que está incluído nun ben de interese cultural. Esa é unha das xustificacións que se dá para o aprazamento.

Dille ao Sr. alcalde que están provocando unha prolongación no tempo que, ao seu entender é, por unha banda a falta de capacidade, e por outra, a carencia de recursos para efectuar investimentos nos próximos dous anos. Desta maneira terán para finais do 2010 ou 2011 unha verbena de obras no concello con vistas ás eleccións municipais, para así sacarlle un rendemento puramente electoral.

Recoñecen que as obras do FEIL teñen un prazo determinado para a súa execución, pero o equipo de goberno ten a obriga de resolver eses problemas da mellor maneira posible, non como se pretende, que non é a forma máis adecuada e que, como xa dixo, ten un marcado carácter electoral que non coincide para nada cos intereses dos veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que para o seu grupo o proxecto “Arume” está sendo un cúmulo de despropósitos, que poñen en evidencia as carencias do grupo socialista na súa incapacidade para gobernar. O seu grupo non vai ser cómplice das imprecisións e improvisacións do equipo de goberno en función dos seus intereses políticos e, por tanto, en coherencia co xa manifestado no pleno de febreiro, o seu grupo vai votar en contra da proposta do goberno.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o debate sobre o que significa o proxecto “Arume” e os seus contidos xa se tivo neste pleno hai algún tempo. Todos os grupos manifestaron a súa posición, e lembra que a

posición do BNG, ante a non aceptación dunha serie de propostas que fixeron, foi contraria, pero do que se trata neste momento é de facer unha reasignación do diñeiro xa concedido e unha modificación dalgúns dos prazos. Pensan que xa non é o momento de debater o fondo da cuestión, de como se xestionou e de como se aprobou este proxecto. É momento de esixirlle ao goberno que toda esa cantidade de diñeiro, preto dos 4 millóns de euros, que se executen, xestionen e que non se perdan. Di que iso é o que van facer e que, polo tanto, o seu voto vai a ser a prol das modificacións, entendendo que esas obras que están aí aprobadas, e para as cales se concedeu o diñeiro, hai que executalas, porque son de interese, aínda que non se contara con todos os grupos da oposición, porque lembra que foi un acordo entre PP e PSOE, para aprobar o contido do proxecto. Non foi malo nin foi bo, foi simplemente a maioría que se acadou nese momento, e eles, dende logo, van a apoiar esa modificación para que non se perda o diñeiro e se poidan executar as obras, insistíndolle ao goberno que o que ten que facer é poñerse as pilas e cumprilo.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que el non pediu a súa vez como voceiro porque pensou que estaban nun punto técnico, e non debatendo o proxecto “Arume”. Di que trouxeron ao pleno este tema, simplemente porque os técnicos así o aconsellaron, xa que alongar o prazo non facía ningún dano e podíalles vir ben. Agora ben, se os demais concelleiros desexan debater, non teñen o mínimo problema en facelo.

Di que o equipo de goberno pretendeu conseguir con este proxecto fondos europeos, e non pode ter sido un fracaso cando acadaron máis de tres millóns de euros. Obviamente estiveron suxeitos ás présas do que foi pedir uns proxectos europeos, gustaríalles ter máis tempo para debatelo mellor, pero había prazos que cumprir.

Di que cando se formularon os proxectos non se lles esixiu maior definición, e por iso algúns se presentaron de modo global, como por exemplo o proxecto dun millón de euros para humanización da zona do Temple. Eles teñen moi claro que facer con ese diñeiro, pero cando chegue o momento invitarán ao resto dos grupos para que presenten suxestións e apoios, xa que queren que sexa un plan de todos, e non só do seu grupo. Pensa que o proxecto “Arume” non debe ser un tema polémico no Concello de Cambre, porque é unha oportunidade para mellorar o municipio, o cal deben agradecer.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que facendo un pouco de historia de como foi aprobado este proxecto, pódese ver, sen dúbida, que os cartos os vai repartir o

equipo de goberno á súa maneira, e obedecendo a intereses propios do partido socialista. Esa é a súa reflexión.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os dous concelleiros de EU-IU, e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar os cronogramas de actuación das seguintes actuacións:

- Pista de skate: aplazar a súa execución dende o 2009 ata o segundo trimestre de 2010 por falta de dispoñibilidade de terreos
- Plan de humanización do Graxal: prolongar a súa execución ata o primeiro trimestre de 2011 motivado pola complexidade das accións precisas para a execución do plan
- Rexeneración urbana do Campo da Feira: prolongar a súa execución ata o primeiro trimestre de 2011, motivado pola necesidade de contar con informes preceptivos de Patrimonio

Segundo: Modificar os orzamentos anuais destinados ás actuacións seguintes:

- Pista de skate: 160.000,00 € a consignar nos orzamentos do 2010
- Plan de humanización do Graxal: 168.000,00 € a consignar nos orzamentos do 2009, 232.997,91 € a consignar nos orzamentos do 2010, 534.663,89 € a consignar nos orzamentos do 2011
- Rexeneración urbana do Campo da Feira: 69.050,45 € a consignar nos orzamentos do 2009, 275.400,60 € a consignar nos orzamentos do 2010, 106.350,15 € a consignar nos orzamentos do 2011

Terceiro: Ampliar o orzamento asignado á Casa da Cultura en 400.000,00 €, con cargo ao orzamento da Ludoteca, quedando os importes como seguen:

- Casa da Cultura: 800.000,00 €
- Ludoteca: 39.696,50 €

3º Proposta de aprobación da contía de prezo público correspondente ao acordo número 1 regulador do prezo público por actividades culturais

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 19 de maio de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 26 de maio actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por vinte votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a seguinte contía de prezo público correspondente ao acordo n.º 1 regulador do prezo público por actividades culturais:

CONCEPTO	IMPORTE
Actividade “Viaxe ao Balneario de Guitiriz”	40 euros

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

4º Mocións

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

A) Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos de modificación do proxecto de “Saneamento e abastecemento en San Paio e renovación de firme en San Paio, Pousadoira e outros. Cambre 2008” incluído no POS 2008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 21 de maio actual.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE, explica que na obra de saneamento e abastecemento en San Paio e renovación de firme en San Paio, Pousadoira e outros, incluída no Plan provincial de cooperación de obras e servizos, houbo un erro técnico, de xeito que había uns camiños a pavimentar que xa estaban incluídos tamén no PEIM, o Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural. Como coincide a pavimentación de tres ou catro camiños, foi necesario incluír unha modificación na obra do POS. Di que o que se fixo foi incluír camiños da mesma zona da Pagueira, que está próxima ao castro, na parroquia de Brexo. Sinala que non é unha obra que afecte ao propio castro, e que é unha reposición de firme que non supón alteración no contorno existente. Estase a producir unha pequena demora nos trámites en Patrimonio, como consecuencia do troco de goberno autonómico. En contacto con eles, dixeron que se prevé incluír este asunto na comisión de Patrimonio do 15 de xuño e, en principio, non prevén que haxa ningún tipo de problema en conceder a autorización.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o PP vén ultimamente denunciando a importante cantidade de diñeiro que se perde no Concello de Cambre por non solicitar subvencións, neste caso é ao revés, para unha obra solicítanse dúas distintas. Pero di que non por iso está mellor, está mal, é unha mostra máis de improvisación.

Conclúe dicindo que o seu grupo se vai abster. Non van a evitar que se corrixa isto, pero é unha forma máis de comprobar a xestión do equipo de goberno, unhas cousas non se piden e outras pídense dúas veces.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo non se vai opoñer á modificación do proxecto, pero di que botan en falta un plan municipal de asfaltado de camiños, como xa teñen reclamado noutras ocasións. Non se pode andar con este tipo de parches.

Sometida a votación ordinaria a proposta, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico municipal don Luis A. Medín Blanco “Modificado de proxecto de saneamento e abastecemento en San Paio e renovación de firme en San Paio, Pousadoira e outros. Cambre 2008” polo mesmo importe que o proxecto orixinal que é de 134.998,96 euros, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2008) da Deputación da Coruña por acordo do pleno da corporación de 29 de novembro de 2007.

Segundo: Dar traslado do proxecto de referencia á Deputación da Coruña para a súa aprobación dentro do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2008).”

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

B) Moción do grupo municipal do PP para a mellora dos servizos de emerxencias municipais

Rexistrada de entrada ao núm. 6150 o día 23 de maio de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“ O pasado día 9 de novembro de 2007 ardía unha nave no polígono de Espírito Santo. Este incidente puxo en risco decenas de postos de traballo de veciños de Cambre e a supervivencia dunha importante empresa para a economía do municipio. Ademais, este incidente puxo en evidencia as carencias organizativas que sufren actualmente os profesionais e voluntarios de Protección Civil e do GRUMIR de Arteixo. Ese día, a falta dunha motobomba impediu que durante case unha hora os camións de bombeiros puideran descargar a auga dos seus depósitos para tratar de frear as lapas.

Na noite do 9 ao 10 de maio deste ano, outro incendio calcinou 12 naves, esta vez en Meicende, e botou por terra decenas de postos de traballo, algún dalgún veciño de Cambre e afectou ás relacións comerciais que empresas do noso municipio mantiñan coas que desapareceron baixo as lapas. Ese día e tamén durante case unha hora, un problema de límites municipais impediu que se actuara eficazmente sobre o incendio.

Novamente e como é de todos coñecido, existiu un grave problema de coordinación entre os corpos de bombeiros do GRUMIR de Arteixo e da Coruña. A calidade profesional dos membros destes corpos e dos profesionais e voluntarios da Protección Civil de Cambre non se pode poñer en dúbida, xa que teñen demostrado en numerosas ocasións a súa valía e a súa dedicación por garantir un gran servizo público, pero non é menos certo que existe un caos organizativo provocado pola falta de interese das distintas administracións e pola inexistencia dun mando único que coordine aos servizos de emerxencias da área metropolitana.

Actualmente existen en Galicia sete grandes parques de bombeiros que dan servizo ás sete principais cidades da comunidade, mentres que os municipios de menor extensión estamos dotados dos parques comarcais de bombeiros e dos servizos de protección civil do municipio. Este sistema, que supuxo un grande avance na prevención de incendios no momento da súa implantación, foise quedando obsoleto co paso dos anos, especialmente nas zonas metropolitanas da Coruña e Vigo, que tiveron que soportar un aumento de poboación exponencial. Os municipios da nosa área metropolitana debemos reprobarnos, neste sentido, as palabras do concelleiro de Seguridade Cidadá da Coruña, que manifestou abertamente que o servizo de bombeiros da cidade só debía prestar servizo no termo municipal. Os feitos amosáronnos que é fundamental formular abertamente un debate sobre a forma na que se está a xestionar este servizo e as administracións, entre as que se atopa o Concello de Cambre, deben ofrecer solucións a un tema que pode afectar, como foi o caso dos sinistros que se expuxeron, a centos de empregos ou á vida de moitas familias. A interrelación e a comunicación entre as administracións é un deber que os poderes públicos deben garantir para ofrecer servizos de calidade, polo que debemos manifestar a nosa firme oposición ás palabras do concelleiro coruñés.

Para o Partido Popular de Cambre é fundamental chegar a acordos en distintos ámbitos para crear un novo protocolo global, que dote dun servizo de calidade aos cidadáns da comarca, e non só aos da cidade da Coruña. A responsabilidade do goberno municipal de Cambre, pola súa parte, é a de cumprir, polo menos, coas súas obrigas legais e estas pasan por redactar dunha vez por todas o Plan de Emerxencias Municipal y garantir o servizo de Protección Civil durante os 12 meses do ano. Novamente este ano e da mesma forma que ocorreu en 2008, o servizo de Protección Civil de Cambre perdeu á gran maioría dos seus efectivos por culpa da falta de previsión do noso goberno local e pola limitación das subvencións para este servizo.

A distinto plano, o Consorcio das Mariñas e a Deputación da Coruña teñen competencias na dotación e organización do Parque Comarcal Contraincendios. E finalmente, a Xunta ten a competencia orzamentaria para dotar eficazmente de medios a estes parques e para crear novos GRUMIR que palíen de forma efectiva os efectos dun incendio como o ocorrido no municipio veciño de Arteixo. Como ente interesado no correcto funcionamento do sistema de emerxencias autonómico, é tamén responsabilidade desta corporación esixir que se tomen as medidas oportunas para garantir un servizo eficaz.

O Consorcio das Mariñas debe ter un papel destacado nos servizos que han de ser garantizados a nivel comarcal. Os seus actuais dirixentes están demostrando a súa clara incapacidade para organizar o seu funcionamento dunha maneira adecuada, polo que de seguir así, o seu futuro inmediato debería ser a desaparición ou a súa substitución por un ente metropolitano que realmente preste o seu servizo de calidade aos nosos veciños.

Por estes motivos, os concelleiros do Partido Popular de Cambre propoñemos ao pleno da corporación para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a adopción dos seguintes acordos

Primeiro: Instar ao goberno local de Cambre a que presente de forma inmediata o Plan de Emerxencias Municipal esixido pola lei a todos os municipios de máis de 20.000 habitantes.

Segundo: Instar ao goberno local de Cambre a que garantice o servizo de Protección Civil no noso municipio esixido pola ley, durante as 24 horas do día, os 365 días do ano.

Terceiro: Instar ao goberno da Xunta de Galicia a que estude un novo sistema de organización dos medios contraincendios da comarca, incluíndo neste novo sistema aos parques de bombeiros municipais, os servizos municipais de protección civil e o parque comarcal de bombeiros.

Cuarto: Requirir ás administracións públicas implicadas a que designen un mando único para a coordinación da operativa contraincendios da comarca.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo está máis ou menos de acordo en todo o que di a moción, agás nun par de aspectos puntuais. O concello solicitou á Consellería de Traballo, como todos os anos, que o dotasen dunha brigada. Tiñan o apoio verbal da anterior delegada de Traballo

da Coruña. Tralo cambio de goberno o tema está nas máns dos novos gobernantes. Agardan que teñan a mesma vontade que ten o PP de Cambre e que os apoien, pero aí é onde está o tema agora.

Di que non ten que ver cun problema de previsión, que é consecuencia do cambio de goberno e de que este aínda non moveu peza neste aspecto.

Por outra parte, en canto ao Consorcio, reconece que pode ter os seus defectos, pero que non se lle poden atribuír máis dos que ten. Este tema non ten nada que ver co Consorcio, isto ten que ver coa Xunta de Galicia, e pensan que a Xunta de Galicia, tanto cun goberno como con outro, podería ter feito máis, niso están de acordo, e pensan que todos en Cambre deben ter unha voz unida para que, governe quen governe na Xunta, reivindicar o que é normal e xusto, que foi o que o PP dixo na moción, que ten que haber un mando único e un servizo único, que sexa eficaz e útil para os cidadáns da comarca. Por iso o voto do seu grupo vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta a súa satisfacción pola moción presentada, porque no esencial coincide coa posición do seu grupo sobre como teñen que funcionar os sistemas de seguridade no concello e na comarca, postura que teñen expresado en innumerables ocasións. A solución non pasa porque cada concello monte o seu propio servizo, totalmente illado, senón que hai unha serie de dotacións, persoal e equipamentos que teñen que ser compartidos baixo un mando único, como moi ben se expón na moción.

Di que tamén están de acordo co método que se propón, cando di que é fundamental chegar a acordos nos distintos ámbitos, para crear un novo protocolo global que dote dun servizo de calidade á cidadanía da comarca.

Están, polo tanto, completamente de acordo, e di que non van a entrar en pequenas matizacións ou comentarios sobre o que hai na parte explicativa, porque o que si lles parece fundamental é que vaian todos unidos á institución que ten competencias para o financiamento, que é a Xunta de Galicia, e tentar poñer de acordo á Xunta e a todos os concellos do contorno para ter un servizo adecuado e que non poidan ocorrer desgrazas irreparables en danos persoais e materiais.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser favorable á moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, no mesmo sentido, o seu grupo tamén está de acordo coa moción e van a votar a prol dela.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que cando se refiren ás subvencións, quere dicir que nos GRUMIR tamén hai persoal contratado, e por exemplo a alcaldesa de Betanzos, preocupada porque ía quedar sen persoal, solicitoulle á Deputación da Coruña unha subvención, e a Deputación sacou unha liña de axudas para todos os GRUMIR da provincia. Di que se o alcalde de Cambre tivera a mesma preocupación que tivo a alcaldesa de Betanzos, probablemente a Deputación tamén tería sacado unha liña para que Cambre non se quedara, como todos os anos, sen os bombeiros. Non di que iso fose seguro, nin que non o fose, pero é que nin sequera se intentou.

Continúa dicindo que lle sorprende ademais, o apoio unánime á moción, di que hoxe é un gran día, e aproveitando que están todos de acordo, pensa que deberían poñerlle un calendario a este tema, porque todos saben que as mocións se aproban e despois non se cumpren, di que precisamente eles están preparando unha moción nese sentido.

Conclúe dicindo que se todos están de acordo poderían fixar un calendario, porque están falando do Plan de emerxencias municipal, que é obrigatorio para Cambre dende o ano 2002.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que está ben poñer calendarios e compromisos, pero que a el lle parece un pouco difícil establecelo agora sen máis, e suxire que sexa un tema para a vindeira xunta de voceiros.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que ten que primar a eficacia do goberno local, de pouco vale facer agora unha proposta de prazos se logo non se cumpren.

Don José Venancio Salcines Cristal di que non hai problema en tratar o tema nunha xunta de voceiros ou nunha comisión.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que, entón, se aprobe agora a moción, quedando pendente a xunta de voceiros para fixar o calendario.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por vinte votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita, quedando en tratar o calendario de cumprimento nunha xunta de voceiros.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

C) Moción do grupo municipal do EU-IU sobre dotación de pequenas bibliotecas aos centros da terceira idade

Rexistrada de entrada ao núm. 6156 o día 23 de maio de 2009, xunto cos rogos e as preguntas. Consta do seguinte teor literal:

“As corporacións locais poden e deben poñer os medios necesarios para facilitar o acceso á cultura de todos os veciños/as. Neste sentido, as bibliotecas municipais cumpren un importante papel, facilitando e achegando o legado cultural a cantas persoas desexen facer uso delas. Para garantir este dereito poderían adoptarse medidas que sen ter un custo excesivo poden contribuír á divulgación e a un mellor acceso á lectura das persoas maiores.

A promoción cultural que a lectura supón non debe dirixirse só aos nenos/as (aínda que indudablemente, sexa este o sector da poboación no que se faga preciso concentrar os máis importantes esforzos na materia). Pero considera o noso grupo deberá terse en conta dun xeito importante á xente maior, a través dos centros da terceira idade existentes no concello.

Ben é certo que as persoas maiores, como calquera outro veciño, teñen á súa disposición os servizos das bibliotecas públicas municipais. A experiencia amosa que non adoitan acudir demasiado a elas, mesmo os que pasan oba parte do seu tempo nos centros da terceira idade. Por iso, cómpre adoptar algunhas medidas específicas para estas persoas co fin de facilitar o seu acceso e goce da lectura.

Para tal fin, o grupo municipal de EU-IU propón dúas medidas complementarias. Por unha banda, o depósito temporal e renovable periodicamente dalgúns dos libros existentes nas bibliotecas municipais nos centros da terceira idade, para o que sería imprescindible que un dos usuarios destas asumira as responsabilidades do seu control. Por outra banda, a introdución de actividades de lectura colectiva para persoas maiores, que lles facilite o goce

da lectura, especialmente a aquelas que teñen reducido sensiblemente a súa agudeza visual. Estas actividades poderían facilmente desenvolverse a través de voluntarios.

Polas razóns anteriores, propónse ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O goberno municipal elaborará un programa conxunto dos servizos municipais correspondentes, para dotar aos centros da terceira idade do concello dunha pequena biblioteca, renovable periodicamente, seleccionando aqueles libros que poidan considerarse de maior interese en función da idade das persoas ás que se ofertan.

Segundo: No devandito programa, incluíranse tamén actuacións periódicas de lectura asistida co fin de que poidan gozar aquelas persoas usuarias dos centros da terceira idade que teñan problemas de visión.”

Concedida a palabra a dona Erundina Prado Arcay, concelleira de Cultura e Turismo, contesta que este tema xa foi algo que se contemplou dende a Concellería de Cultura, instalar esas bibliotecas nos centros da terceira idade, e di que concretamente no centro da terceira idade do Graxal xa se instalou hai anos, e que non tivo ningunha aceptación.

Engade que en Cambre xa non se puxo porque faláron con eles e dixeron que non, que xa había pouco espazo e que tiñan a biblioteca ao lado. Poden intentalo de novo, pero non cre que sexa fácil, porque non hai unha boa disposición para iso.

Continúa dicindo que dende o ano pasado teñen un club de lectura que está funcionando moi ben. A ese club van persoas maiores que, aínda que non len moito, si que escoitan e cambian impresións, e tamén van usuarios das bibliotecas, algúns deles de moita idade.

Conclúe dicindo que aceptan a moción, pero que o difícil vai ser que a xente a acepte, aínda que eles o intentarán de novo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que merece a pena facer un novo intento. Di que a parte expositiva da moción recolle o sentir dalgúns veciños de Cambre, concretamente no centro socio-cultural do Graxal dixeron que teñen 20 libros alí que non se renovan periodicamente, e algúns usuarios dixeron que se se renovaran poderían ter un mellor acceso á cultura.

Concedida a palabra a dona Erundina Prado Arcay responde que nalgún momento si que se renovaron, pero que non tivo ningunha aceptación, non obstante, van a intentalo de novo, e falarán con eles para ver se teñen interese nalgunha lectura en especial.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo está de acordo con esta moción, e engade que tamén lles parece importante que se puidera incluír nun punto, aínda que non teña que ver co tema concreto, que se amplíen os horarios das bibliotecas, sobre todo en épocas de exames. Di que hai moita xuventude en Cambre que, inevitablemente, ten que desprazarse á Coruña porque as bibliotecas están pechadas ou con actos infantís. Pregunta se sería posible incluír nalgún punto da moción a ampliación dos horarios das bibliotecas en época de exames.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás responde que, aínda que pensan que esa suxestión está moi ben e están de acordo con ela, tamén pensa que debe considerarse como un rogo do PP, e non incluílo nesta moción concreta, xa que non ve que teña moito sentido dentro do tema a que se está referindo.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar a prol.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por vinte votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

5º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación do seguinte asunto:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 707 de data 6 de maio de 2009, que consta da seguinte parte dispositiva:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Carmen Tato Lago desde o día 9 ao 16 de maio do ano 2009, ambos os dous incluídos por estar ausente do termo municipal, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 10 de xullo de 2007.

Segundo: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Maria Beatriz Ramos Padín desde o día 6 ao 10 de maio do ano 2009, ambos os dous incluídos por estar ausente do termo municipal, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 10 de xullo de 2007.

Terceiro: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

6º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 6151 o día 23 de maio de 2009.

1º O Partido Popular de Cambre denunciou en varias ocasións as continuas pintadas que sufren as propiedades privadas e públicas do noso municipio dende hai tempo. Rogamos ao equipo de goberno nos informe se ten adoptado algunha medida ao respecto.

O Sr. alcalde contesta que a Policía está pendente do tema, xa se fixeron algunhas detencións, multouse aos pais e estase traballando niso. Piden a colaboración de todos para que non se escape nada, pero que tanto a Policía Local como a Garda Civil, estanse ocupando do tema.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, informa que, no último caso que houbo, a Policía colleu a dous rapaces facendo pintadas, leváronnos ante o xuíz, e o castigo que puxo o xuíz foi que volveran pintar o que estropearon. Estase actuando dentro do que permite a lei.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que está ben, que tampouco é que esixan maiores castigos, pero que hai que actuar, porque o estado no que está actualmente Cambre é lamentable.

2º O contrato para o mantemento das zonas axardinadas no noso concello atópase prorrogado de xeito irregular, xa que transcorreu de sobra o prazo máximo permitido. Rogamos se nos informe dos motivos polos que non se ten licitado o novo contrato e en que momento ten pensado realizalo o equipo de goberno.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que o contrato de mantemento das zonas axardinadas licitouse no 2008, pero que non está adxudicado como consecuencia das baixas de varios funcionarios municipais, e do exceso de traballo que houbo co FEIL e co proxecto Arume. Agarda que nun mes ou dous xa estea adxudicado.

3º O 20 de xaneiro de 2006 a Xunta de Galicia e a Federación Galela de Municipios e Provincias asinaron o Pacto Local, polo que, entre outras cousas, a Xunta de Galicia comprometéase a sufragar os gastos de mantemento dos colexios públicos, os centros de saúde e os xulgados de paz daqueles municipios que o solicitaran. Unha vez máis, o goberno local de Cambre, deixou pasar a oportunidade de aforrarse centos de miles de euros cada ano debido a súa negligente actuación. Rogamos non informen dos motivos polos que non se solicitou a cesión dos gastos de mantemento destes centros á Xunta.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes contesta que hai pouca información sobre ese tema, porque eses gastos que sufragaba a Xunta a través do convenio coa Fegamp era para CPEIs, non para CEIPs. En Cambre non hai ningún CPEI. En canto aos IES xa todos os gastos eran pagados pola Xunta. Os únicos gastos de mantemento que había era a calefacción dos centros de educación infantil e primaria (CEIP). No ano 2008 a Xunta comezou a pagar tamén eses gastos, recibíuse o diñeiro e por iso o concello deixou de subvencionalos. Actualmente, o que si asumen os concellos son pequenos mantementos, a luz e a auga. O teléfono leva toda a vida pagándoo a Xunta.

Continúa dicindo que, con respecto aos centros de saúde, a Xunta esixía para poder facerse cargo dos gastos de mantemento, a cesión dos edificios. En Cambre o edificio onde está situado o centro de saúde está sendo compartido coa biblioteca, Correos e a Asociación de amas de casa. En canto ao consultorio do Temple, atópase nun local dun edificio de vivendas, ademais dado o preacordo que existe coa Xunta para a construción dun novo centro de saúde, se agora ceden o local, despois non se vai poder reverter. Cederán o novo centro de saúde cando se faga, e o actual local quedará para uso municipal.

Con respecto aos xulgados de paz había un convenio segundo o cal, se os concellos non facilitaban un local, eliminaríanse moitos deles, e trasladaríanse a Betanzos. Co fin de evitar ese desprazamento aos veciños o concello facilitou o local.

Conclúe dicindo que, con respecto aos colexios, non existe hoxe en Galicia un CEIP que,

non sendo a calefacción, que é o que se acordou coa FEGAMP, estea pagando outra cousa que a luz e a auga.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que pode que teña algunha información equivocada, pero que o Sr. Touriño, sendo presidente da Xunta, dixo que a Xunta asumiría os custos de mantemento dos centros de saúde, dos centros de ensinanza primaria, así como dos xulgados. O que dixo o Sr. Touriño é igual, non todo o que dixo é certo, pero di que hai alguén que se equivoca aquí. O Sr. concelleiro acaba de dicir que a Xunta paga a calefacción dos colexios, entón pregunta por que na proposta de orzamentos que lles presentaron este ano hai unha partida para calefacción. Ou el entende mal, ou o equipo de goberno non sabe facer os orzamentos.

Di que para colexios de educación primaria figuran 25.000 € e para a calefacción do centro de saúde de Cambre, 13.000 €. Pregunta en que quedan, se paga o concello ou se paga a Xunta, e se paga a Xunta pregunta por que aparece nos orzamentos.

Con respecto á cesión do centro de saúde de Cambre di que é certo que se comparte o edificio con outros servizos, pero que existe o que se chama división horizontal, existe a posibilidade de segregar.

Segue dicindo que teñen un documento no que valoran nuns 340.000 € o posible aforro con estas medidas. Oleiros e Culleredo acolléronse a isto, Cambre non. Como dixo antes cando falou dos bombeiros, Betanzos sí, Cambre non. E di que, aínda que non sexa 300 mil e sexan só 100 mil euros, é igual, hai unha xestión que Cambre non fai, como di ás veces o Sr. alcalde, están agardando. O outro día dixo o alcalde no xornal que non recibira comunicación da Xunta, pregunta se hai que agardar a que a Xunta os avise para ir a buscar os cartos.

Don Jaime Manuel López Lisnier di que dentro da Concellería de Educación non van presupostados 25.000 euros para calefacción dos colexios. Esa cantidade era a que había antes, e se aparece nos documentos que o Sr. Cubeiro ten, só se pode deber a un erro de transcripción, porque nos que el ten, non figuran. Xa o ano pasado se suprimiron os 25.000 euros, e este ano xa non tiñan que aparecer, e nos que el ten, que foron supervisados polos técnicos, non aparecen.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que nos orzamentos que lles entregou o Sr. concelleiro de Facenda a eles, si que figuran.

A Sra. interventora di que non se sabe de memoria todas as partidas, pero que cre recordar que había unha cantidade importante hai uns anos, e que no proxecto de orzamentos deste ano, e xa no do ano pasado quedou reducida a 8.000. Non sabe as cantidades de memoria, pero que se reduciron nestes últimos anos, si.

Don Felipe Andreu Barallobre di que reducir se reduciría, pero que na partida de calefacción dos colexios que a eles lles entregaron aparecen os 25.000 euros.

O Sr. alcalde di que se hai un erro, que se corrixira.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta, para zanxar o tema, que o mesmo dá a cantidade que sexa, que isto é unha mostra máis da forma de gobernar.

O Sr. alcalde toma a palabra para dicir que cando o Sr. Cubeiro falou da división horizontal e doutros temas, hai que valorar algo importante. Dixo que o Concello de Culleredo e outros concellos se acolleron a ese tema, el só lle pide a calquera cidadán de Cambre que vaia a ver o centro de saúde de Cambre, e que vaia a ver o de Vilaboa. A diferenza na limpeza é abismal, e el cre que gastar na limpeza non é malgastar.

En canto á división horizontal, cando se lles preguntou por esta posibilidade, na Xunta dixeron que querían o edificio completo, e pensa que ceder, a cambio de nada, 180 m² dunha biblioteca, 180 m² dunha sala de exposicións, un pequeno local que usa a Asociación de amas de casa, e o edificio de Correos, parécelle bastante desbaratado.

No caso do Temple, se teñen a sorte de que a Xunta constrúa un novo centro de saúde, o local que agora están usando pode quedar para o centro da terceira idade, ou centro de día, ou para outra cousa, pero seguir sendo un local de propiedade municipal, e non cederllo á Xunta sen que vaia a ter retorno. En todo caso o que quere é deixar ben claro o que hoxe en día é o centro de saúde de Cambre, e o que son outros centros de Galicia. Porque di que para esas cousas, el asume o que o PP considera é perder diñeiro.

En canto ao xulgado de paz aínda non hai nada firmado coa Xunta, non se subvenciona nada, todo o que hai son proxectos.

Conclúe dicindo que se poden acoller a moitas cousas, pero que antes hai que valorar o que é máis ou menos importante, e mentres el sexa alcalde, e a corporación o avalie, o que din

que malgasta no centro de saúde, mentres sexa en beneficio dos usuarios, benvido sexa.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 6156 o día 23 de maio de 2009, xunto coa moción e as preguntas.

1º Existen no noso concello moitos camiños que polas súas características e falta de atención provocan situacións que os fan en moitos casos case intransitables, facendo a circulación tanto peonil como rodada perigosa e arriscada. Estamos a referirnos neste caso ao núcleo de Amil, onde o risco é cada vez maior, tendo en conta o aumento da poboación e o reducido ancho dos seus viais.

Recentemente os veciños/as presentaron un escrito no concello avaliado con máis de 90 sinaturas, solicitando unha actuación inmediata para corrixir o problema, sen que ata o de agora se tomaran as medidas correctoras para resolver a situación de abandono.

O noso grupo xa ten denunciado en varias ocasións estas carencias, e consideramos que o goberno local debe actuar sen máis demora.

Ante esta situación:

- O grupo de EU-IU prega se faga un estudo para a restructuración do tráfico rodado nos mencionados viais, o seu acondicionamento e sinalización, para as mellores condicións de uso coa máxima seguridade na circulación tanto rodada como peonil.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que dentro de pouco vaise meter saneamento na zona de Amil, e por ese motivo non se está pavimentando ningún vial na zona.

En canto ao estudo de restructuración do tráfico di que, tras falar coa Policía e cos técnicos municipais, o mellor é facer un estudo para direccións únicas, xa que os viais non permiten máis.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que como dicía no rogo, hai unhas cantas deficiencias, non só no tema do asfaltado, senón tamén con problemas de maleza que, ás veces, cubre os viais ao non existir beirarrúas. Di que Amil é un dos núcleos máis

grandes de Cambre e pensa que o saneamento non se vai a completar en todo o núcleo, por iso pide que se asfalten o resto das zonas, e que non se tapen as fochas sen máis, porque iso non é o mellor.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que o que se vai facer é pavimentar.

Don Luis Miguel Taibo Casás conclúe pedindo que se teña en conta este rogo, sobre todo á vista das sinaturas presentadas polos veciños.

2º A corporación municipal xurdida das eleccións do ano 2007 está a punto de rematar os dous primeiros anos do seu mandato, entende o noso grupo que parece lóxico a celebración dun debate público que significaría unha rendición de contas do traballo realizado durante este período de tempo, tanto polo grupo político que asumiu a responsabilidade de gobernar, como polos restantes grupos integrantes da corporación no seu papel de control e fiscalización do goberno do concello. Ao noso xuízo, este sería un xeito de contribuír á dignidade e credibilidade na actuación dos representantes públicos. Ao mesmo tempo, un debate deste tipo podería permitir que quedaran expostos os problemas máis importantes aos que debe afrontarse o actual goberno para a súa solución.

- O noso grupo prega á Alcaldía que convoque un pleno municipal extraordinario dedicado única e especificamente a realizar un debate en torno ao traballo desenvolvido polo goberno municipal e os restantes grupos políticos ao longo dos últimos dous anos.

- Igualmente pregamos á Alcaldía que, para o caso de aceptarse a petición anterior e coa finalidade de que a sesión plenaria se desenvolva de xeito ordenado e clarificador, se convoque previamente unha xuntanza de voceiros para acordar as regras deo seu desenvolvemento.

O Sr. alcalde contesta que se estudará o rogo, que terán esa xunta de voceiros, e que tomarán a decisión que proceda.

3º As obras de acondicionamento e seguridade viaria realizadas na estrada AC-214 Pravio-Cambre, lamentablemente, como xa estamos afeitos a ver con frecuencia, non teñen en conta as necesidades básicas dos peóns.

Este grupo municipal prega á Alcaldía faga chegar, con toda urxencia aos órganos competentes da Xunta de Galicia, unha solicitude no nome do concello para que:

- Se sinalicen os pasos de peóns ao longo da estrada Pravio-Cambre, especialmente os que en diversas ocasións foron demandados polos veciños/as e polos grupos municipais.
- Se doten de marquesiñas os puntos de espera do transporte público e escolar.
- Se doten ou incrementen con sinais de precaución os puntos de maior risco (zonas urbanizadas ou escasa visibilidade, etc.)
- Se axilicen os trámites para a construción dunha senda peonil entre Fabás e A Castellana, segundo criterios aprobados na moción conxunta presentada por todos os grupos da corporación, para garantir a seguridade na zona.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que xa se solicitou en varias ocasións á administración competente, que é a Xunta, tanto o paso de peóns como a sinalización. Nalgúns casos viño denegada a solicitude de paso de peóns pola escasa visibilidade, noutras porque non había unha senda, unha seguridade, pero di que seguirán reiterando a súa solicitude.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, solicita que, cando haxa unha denegación por parte da Xunta, se comunique aos outros grupos, sobre todo a aqueles que o teñen solicitado, e sobre todo aos veciños, porque cre recordar que nunha zona concreta, pensa que en Freande, á altura da Penouviña, os veciños presentaron un escrito solicitando un paso de peóns, porque é un sitio onde continuamente atravesan as persoas. Di que haberá que esixirlle, e non só solicitarlle, á Xunta de Galicia que sinalice estas zonas.

Conclúe dicindo que, noutros sitios, a culpa de que non se vexan os sinais de precaución é do concello. Concretamente na estrada que vén de Armental, na confluencia coa de Cambre a Pravio, hai un stop, que por culpa da maleza, non se ve. Tamén hai que ter en conta estas cousas, porque estase xogando coa integridade dos veciños.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 6152 o día 23 de maio de 2009.

1^a Pode informarnos o equipo de goberno en que estado se atopa a renovación da tubaxe de recollida de pluviais a consecuencia da ampliación do colexio do Graxal?

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes contesta que aí hai un problema que é que a recollida de pluviais que atravesa a N-VI ten unhas medidas determinadas, segundo os técnicos 800 milímetros, e acababa no terreo aquel que había. O que se fai nun principio é canalizala coa tubaxe de pluviais que se teñen actualmente e, despois, deixar unha conexión de 800 milímetros, para que nunha actuación posterior, no plan do Graxal, levalo todo a unha tubaxe xeral de 800 milímetros. Iso está a facelo a Xunta dentro do proxecto do colexio, foi un acordo ao que chegaron con eles, para despois o concello conectar con eles no sitio adecuado.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que as noticias que eles teñen é que o concello ten que ceder á Xunta un terreo libre de cargas. Neste caso ten unha carga dunha tubaxe de pluviais de 800 milímetros de diámetro que desemboca nunha de 400.

Di que a información que eles teñen é que unha parte da obra vese afectada por este problema, que o Concello de Cambre pretendía que a Consellería fixese a obra ata a ría, ao cal se negan porque, evidentemente, esa non é unha competencia da Consellería. Por outro lado, tamén teñen confirmación por parte da empresa de que as obras non van a estar en setembro, e saben que o concello tamén ten esa confirmación, polo que quererían que lles aclarasen ese punto.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que, con respecto da tubaxe, no que afecta á obra que se está a facer no colexio do Graxal, chegaron a un acordo para que sexan eles os que metan esa tubaxe. Era algo que non querían facer, nin asumir o custo, pero despois de conversas con eles chegaron a ese acordo, e van a facelo ata o lugar onde máis adiante o concello poderá facer a conexión para completar o resto ata a ría.

Con respecto ás obras pódelle dicir que estiveron o martes cos arquitectos responsables da obra e que lles dixeron que é difícil que se termine, pero que están facendo todo o posible para conseguilo, e que se non, se rematarán as aulas necesarias para que poidan acudir os nenos este ano. Recoñecen que é complicado e que é verdade que pode haber un atraso, faláronlles dun atraso de 15 días, pero tratando de que para o día 10 de setembro estean preparadas as aulas necesarias para que comece o colexio.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que, como dixo, o seu grupo ten confirmación por parte da empresa de que as obras non van a estar rematadas, pero que oxalá teña razón o Sr. concelleiro de Educación e si o estean.

2ª Pode informarnos o goberno local de cal é a posición oficial do Concello de Cambre fronte á ampliación do aeroporto de Alvedro?

Don Francisco Javier Varela Tejedor, concelleiro do PSdeG-PSOE, contesta que a do Concello de Cambre non a poden informar, pero si a do equipo de goberno. O alcalde ten previsto convocar unha xunta de voceiros para expoñerlles a proposta, que de acadarse un acordo cos demais voceiros, se presentará por parte do concello ante o Ministerio de Fomento. Esa proposta baséase fundamentalmente en que, sen merma da solidariedade cos demais concellos do contorno, e de buscar o consenso a través dos órganos comúns, defender os intereses dos veciños de Cambre que estean afectados polas servidumes aeronáuticas de todo tipo, sobre todo acústicas, que se desprenden do estudo de impacto ambiental. En resumo, haberá unha próxima xunta de voceiros na que se tratará este tema para que de verdade poida haber unha postura oficial do concello, e non só do equipo de goberno.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que comprenderán que non se poden tomar en serio nada do que lles din, porque esta mesma pregunta fíxoa fai dous meses, no pleno de marzo, e o Sr. alcalde respondeu que tiña o informe arriba, non sabe se hoxe o ten abaixo, pero pasou o prazo de alegacións, pasaron todos os prazos, e os veciños de Cambre descoñecen que é o que pasa coa ampliación de Alvedro.

Di que o PP non está a dicir ni que está ben nin que está mal, simplemente están preguntando, porque non se informa aos veciños cal é a postura do Concello de Cambre, e a postura do Concello de Cambre é a de sempre, esperar a ver que pasa. Díxose que Franco, no seu despacho, tiña unha mesa con dous caixóns, nun gardaba as cousas que o tempo solucionará, e no outro gardaba o que o tempo solicionou, di que o Sr. alcalde ten bastante en común con Franco, ademais do moito tempo no poder, ten en común tamén iso, que agarda que o tempo arranxe as cousas.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que da postura que tiña o xeneral Franco, seguro que sabe máis o PP que eles, pero que o que lles din é iso, as alegacións para as institucións non prescriben nunca, están permanentemente abertas. El non sabe que foi o que pasou nese pleno porque el non estivo, pero repite, unha vez máis, que ofrecen aos voceiros de todos os grupos a posibilidade de ter unha postura común do Concello de Cambre, e no só do equipo de goberno.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo o que buscaba con esta pregunta era que se informase aos veciños e aos medios de comunicación que están presentes. Saben que os Concellos de Oleiros e Culleredo presentaron alegacións contra a famosa “pegada sonora”, así que polo menos saben que existe unha proposta de declaración de impacto ambiental. Nesa proposta de declaración que o alcalde presentou a todos os grupos municipais, o Concello de Cambre está afectado nunha mínima porción, nunha esquina do Graxal.

Pensa que están todos de acordo, e verbalmente xa se falou o outro día na comisión, en que a pegada sonora ao Concello de Cambre non lle afecta, en todo caso poderían afectar as obras, no seu momento, pero di que a pregunta que fixo o PP pretendía saber que é o que vai prevalecer, a solidariedade co concello e cos veciños de Culleredo, o vanse facer prevalecer os beneficios que podería ter para os veciños de Cambre, para os de toda a comarca, e pensa que para toda Galicia, a ampliación do aeroporto de Alvedro. Esa é a pregunta que o PP fixo e que o equipo de goberno non contesta.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que pensa que el xa intentou contestala. Di que non hai ningunha declaración de impacto ambiental aprobada, o que saíu a información pública é un estudo de impacto ambiental, que é previo á declaración de impacto ambiental, que terá lugar unha vez feitas as alegacións por parte de todos os colectivos veciñais, asociativos, institucionais, etc. Di que se prevé que esa declaración de impacto ambiental teña lugar en febreiro ou marzo do vindeiro ano.

Segue dicindo que, con respecto á pegada sonora, como xa dixo o Sr. alcalde no seu momento, afecta a Cambre nunha parte pequena e xa consolidada na zona urbana do municipio. Pensa que todos os grupos da corporación municipal de Cambre o que teñen que facer é defender os intereses dos veciños que se vexan afectados, de xeito que se produzan as indemnizacións ou compensacións necesarias para que os veciños insonoricen as súas vivendas. Se a pegada sonora afectase a esas propiedades de tal forma que a simple insonorización non fose suficiente, que se habiliten os mecanismos de expropiación necesarios en beneficio dos veciños e propietarios afectados, e defendelos en toda a representación xurídica que se lleve a cabo ante o Ministerio.

En canto á ampliación di que non se trata de amosar solidariedade con ninguén, en concreto con ningún concello, senón con toda Galicia e, en especial, con toda a comarca, e para iso instan a que haxa un órgano común que estude ese tema, os aspectos positivos e negativos que se deriven da ampliación do aeroporto. De ese estudo debe saír a postura común,

solidaria ou non, se sae solidaria, perfecto, e se non, a intención do equipo de goberno do Concello de Cambre é defender os intereses xerais dos veciños de Cambre.

3ª Pode informarnos o goberno local de cal foi o paradeiro da subvención de 800.000 € concedida o pasado ano para a construción da casa da cultura?

O Sr. alcalde contesta que esa subvención pasou do ano pasado a este ano. Teñen o terreo e están co proxecto para facer ese novo centro.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que dende que o Sr. Moreda é presidente da Deputación, todos os anos anuncian a concesión de 800.000 euros ao Concello de Cambre. Iso é verdade, o que pasa é que a subvención non se executa no ano, pérdese, ao ano seguinte vólvese solicitar, e as volven conceder. Cambre ten concedidos permanentemente 800.000 euros de subvención, pero mentres o que pasa é que non teñen outra, e mentres Cambre segue con esa de 800.000 euros, outros concellos obteñen outras, por exemplo, o Concello de Carral sacou 340.000 euros, no ano 2007, para un campo de fútbol, Culleredo para equipamento de museos sacou unha de 60.000 e outra de 30.000, tamén outra de 759.000 para infraestruturas deportivas, e Cambre segue coa promesa permanente dunha de 800.000.

Continúa dicindo que no ano 2008 se repite, Cambre volve ter os 800.000 euros, pero mentres Culleredo volve ter 30.000 para os museos, Carral outros 150.000 para a construción dun centro cultural en Tabeayo e 97.000 para a reforma e ampliación do local socio-cultural en Herbes, 52.000 para un local en San Vicente de Vigo, Abegondo 123.000 para un programa cultural e 44.000 para un spá, 28.000 para o salón de plenos.

No ano 2009, Culleredo volve aparecer con 400.000 euros para un proxecto de enerxías renovables, con 30.000 euros para os museos, e unha vez máis Cambre cos seus permanentes 800.000 euros. Dille ao Sr. alcalde que, efectivamente, algún día virán eses 800.000 euros para Cambre, pero mentres estean eses 800.000 euros cada ano, non veñen outros. Dille ao Sr. alcalde e ao concelleiro de Facenda que lle están custando moitos cartos a Cambre, e que teñen que traballar, non poden estar agardando a que as subvencións lles veñan, teñen que traballar.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que lle parece ben a opinión que teña o Sr. Cubeiro, pero que hai que dicir toda a verdade. Esa é unha partida que está para o tema de Cultura, pero hai outras que se están a obter para o concello, hai que dicir o bo e o malo. Para o

pleno de xuño van 400.000 euros da Deputación para obras no Concello de Cambre, e iso non o di.

Non quere entrar en debate pero o que está claro é que había un diñeiro para unha casa da cultura, por problemas co terreo non se fixo, e pediuse que se trasladara ao ano seguinte, pero iso non invalida que se pidan outro tipo de subvencións. Hai que ser xustos cando se comentan as cousas. O ano pasado aprobouse a travesía de Lema a Bribes, estase coa travesía de Cecebre ao Espírito Santo, fíxose o trozo de beirarrúa ao instituto, hai unha serie de obras que tamén hai que valorar. Poden estar ou non de acordo, pero hai que dicir o bo e o malo. Neste momento hai unha cantidade importante para as gradas do campo de fútbol, hai unha partida importante para dotar de herba artificial e iluminación o campo dos “Once Caballeros”. Hai que dicir o que se perde, pero tamén o que se consegue.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que a Deputación é un ente repartidor de subvencións, e hai o que se chama o POS, Plan de obras e servizos, segundo o cal se reparte unha cantidade fixa aos concellos en función da súa poboación. Non hai moito díxolle ao equipo de goberno que non se pediu, non que se perdera, unha subvención similar ao POS, fala de 200.000 euros para renovar os tubos de auga potable.

O Sr. alcalde di que iso é algo que di o Sr. Cubeiro.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que claro que o di el, e tamén di que hai unha cantidade moi importante, que son as subvencións nominativas, que están á discreción practicamente do presidente da Deputación, que son das que agora lle está falando, porque só faltaría que en Cambre non se aplicase o POS.

O Sr. alcalde pregunta que ten que ver o Plan de obras e servizos co que están a falar, as gradas non entraron nese plan.

O Sr. Cubeiro pide, entón, que lles faga público o que están a facer.

O Sr. alcalde pídlle que se trae outros datos, que traia tamén os datos do que se está a facer, todo o que a Deputación lle deu ao Concello de Cambre fóra do POS, que vai en función da poboación.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes sinala que da Deputación se conseguiron máis de 300.000 mil euros para un campo de herba

artificial, outros 300.000 euros para as gradas do Dani Mallo. Iso son subvencións da Deputación, así que non poden dicir que non se ten pedido nada, o que pasa é que din o que lles interesa e o demais prefiren calalo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que todo isto é síntoma do nerviosismo do equipo de goberno, pero que o que é evidente é que non traballan.

O Sr. alcalde agradécelle que llo recorde.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 6220 o día 25 de maio de 2009.

1ª Coa toma de posesión do novo Goberno Galego o pasado mes de abril e, logo de que completara a súa estrutura administrativa, pasa a un primeiro plano o cumprimento dos acordos establecidos pola anterior administración.

Na maior parte dos casos estes acordos e compromisos afectan a necesidades dos nosos cidadáns e constitúen demandas históricas do noso concello.

Entre outras podemos lembrar a construción dun novo centro de saúde no Temple, para o que xa se formalizou a cesión dos terreos mediante un acordo plenario desta Corporación. O mesmo que a construción do que sería o primeiro centro de día público para as persoas maiores do noso concello e a segunda escola infantil/galescola. Ambos na parroquia do Temple e para os que o Consorcio Galego de Igualdade e Bemestar xa tiña dados os primeiros pasos no encargo dos proxectos de obra.

Poderíamos falar tamén do compromiso na construción dun novo colexio, á espera da obtención dos terreos, ou a renovación dos colectores principais de saneamento no Temple, imprescindibles para evitar os vertidos á ría.

Entre outras cuestións pendentes a tratar coa nova administración galega están tamén o proxecto da Vía Ártabra ou a atención e mantemento das beiras do río Mero.

Por esta razón preguntámoslle ao goberno local:

- Se teñen pensado desenvolver unha acción de negociación institucional coa Xunta de Galicia para reclamar o cumprimento dos acordos e compromisos de investimento asinados co Concello de Cambre.

- Se lles parece oportuno someter ao pleno de Cambre un documento que conteña todos os asuntos pendentes coa Xunta de Galicia para que poida ser respaldada esta acción institucional do alcalde por todos os grupos municipais aquí representados.

Don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que a pregunta lles parece ben, e ven positivo someter proximamente ao pleno un documento que recolla todos os temas pendentes, para que teña o apoio de todos os grupos municipais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, sinala que ademais dos exemplos recollidos na pregunta, tamén esta mañá recordaron que está asinado o convenio para a construción do polideportivo do colexio Portofaro, tamén o compromiso da anterior Consellería de Vivenda e Solo para a ampliación do solo industrial do polígono Espíritu Santo, para así poder trasladar os polígonos vellos e obsoletos que están nos núcleos urbanos, etc. Di que hai unha serie de cuestións serias e importantes que poden suscitar o consenso de todas as forzas, porque non son cuestións programáticas de ningún partido, senón que son cuestións nas que pensa que van a coincidir todos, que sería importante que se refrendara mediante un documento neste pleno, e que puidera contar co apoio de todo o mundo, para poder forzar a negociación.

2ª Aos problemas estruturais de déficit no financiamento municipal e aos efectos da recesión económica que estamos vivindo, súmase en Cambre unha deficiente xestión do sistema de recadación municipal. Constatouse ademais nos últimos tempos que parte dos nosos orzamentos pérdense debido ao mal estado das infraestruturas ou á mala xestión na tramitación. Referímonos ás perdas na auga ou ao non cobro das sancións ou de determinadas taxas e prezos. Está situación acada os efectos máis graves e constatables, precisamente, nunha situación de recesión como a que estamos vivindo.

Aínda conscientes de que non son solucións inmediatas as que se poden adoptar e que algúns dos problemas teñen orixe externa, preguntamos ao goberno local

- se teñen pensado poñer en práctica medidas de racionalización do gasto, de control dos consumos e de mellora na recadación de tributos e taxas, e dos ingresos en xeral, e en que consistirán.

Don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que á hora de falar de ingresos hai dous aspectos. Por un lado está a xestión dos fondos do municipio, e nese sentido quere sinalar que Cambre, de modo histórico, porque reconece que é unha herdanza que el xa recibiu, ten polo xeral un remanente positivo, é dicir, cando acaba o ano adoita ter un superávit e non un déficit, iso como consecuencia da xestión do goberno anterior, do que o propio BNG foi partícipe, e nese sentido os felicita. A xestión deste remanente permitiu que nos dous últimos anos se ingresaran, por intereses financeiros, 250.000 euros, bastante máis dos 40.000 euros/ano que se ingresaba no pasado.

Continúa dicindo que a perda de ingresos non está provocada pola xestión, senón pola crise económica, que tivo como unha das súas principais consecuencias que se parase a construción, e todos saben que esa era unha fonte moi importante de ingresos para todos os municipios, e máis para un municipio como o de Cambre que tivo un crecemento económico continuado.

Reconece que non hai capacidade para compensar a perda de ingresos procedentes da construción. Fálase dun millón e medio ou dous millóns de euros que podía xerar a construción, a única solución sería incrementar de forma ilóxica a presión fiscal, os impostos.

Di que para evitar iso hai que asumir a situación, o feito de que están nuns anos complicados e hai que reducir o gasto. Para iso, o equipo de goberno propúxose unha serie de medidas, precisamente no proxecto de orzamentos para este ano prevén unha redución de gasto de medio millón de euros en gasto corrente.

Di que hai outro gasto corrente que é imposible reducir, porque están iniciados, están vinculados á inflación, hai contratos, por exemplo o de limpeza, no que se está obrigado a subir unha certa cantidade de diñeiro todos os anos. O mesmo pasa co mantemento de xardíns. Trátase de gastos que están vinculados á inflación, de xeito que cando suben os prezos, tamén eles suben, son gastos pactados nos que non hai maneira de reducir.

Hai outra parte dos ingresos que se xestionan a través da deputación e, polo tanto, ser máis eficientes nese campo é complicado, porque a Deputación fai ben o seu traballo.

Di que hai outros temas menores que si están vinculados ao concello, por exemplo, o cobro das terrazas, dos paneis publicitarios que estean en solo público, vaos, etc., pero aínda que

se xestionasen espectacularmente ben, el cre que non suporía un importe superior aos 200.000 euros. É dicir, hai que facelo ben, é a súa obriga, pero non é a solución. Non se vai compensar a perda de ingresos procedentes da construción con este tipo de gastos.

Para mellorar a recadación faise necesario mellorar o tema de persoal. Nestes momentos hai unha única técnico de xestión de ingresos, que por motivos varios estivo desvinculada dese departamento, traballando noutro, e agora está de baixa laboral. Faise necesario solucionar este problema modificando a RPT, a relación de postos de traballo, e fortalecendo ese departamento con máis persoal. Pero isto é algo que un goberno en minoría non pode solucionar, é algo para o que precisan o apoio do resto dos grupos políticos.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que con esta pregunta eles queren amosar a súa preocupación. Xa din no texto que saben que non hai solucións inmediatas para estas cousas, e tamén saben que hai condicionantes externos que, por moito que se faga dende o concello, viven a situación económica que se vive. Pero o que si din é que precisamente é esta situación de crise económica, a recesión, a que está provocando que, ao diminuír o nivel de ingresos, queden destapados determinados vicios de funcionamento, carencias, ou determinadas maneiras de xestionar que hai que mellorar e racionalizar. Iso é polo que están preguntando, aínda que, evidentemente, saben que aínda que se cobren todas as terrazas e paneis publicitarios, iso non vai cubrir todas as necesidades.

Continúa dicindo que outra cousa que queren deixar ben clara é que, en ningún caso, eles están propoñendo unha redución do gasto en servizos á cidadanía. Precisamente o problema que ven é que hai que manter o nivel de gasto en servizos que se lle dan aos cidadáns, e incluso aumentalo, e por iso hai que buscar a maneira de racionalizar mellor os ingresos, cobrar todas as cousas que é necesario cobrar, e esa é unha misión do goberno e que pensa que todos os grupos municipais van apoiar as medidas tendentes a lograr iso.

Tamén lle di ao Sr. Salcines que hai cousas que non son tan menores, por exemplo, hai moitas vivendas que, por non ter a licenza de primeira ocupación, non comezaron aínda a pagar a licenza de bens inmobles, e esa é unha cantidade de diñeiro importante, porque é un dos capítulos de ingresos máis destacados que ten o concello.

Conclúe dicindo que pensan que hai unha serie de medidas que si se poden ir poñendo en práctica, de maneira lenta pero firme e segura, e sería bo que para cando cheguen mellores tempos, ter isto un pouco máis saneado.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 6156 o día 23 de maio de 2009, xunto coa moción e os rogos.

1ª Recentemente os veciños/as de Cambre recibiron nas súas casas información do concello sobre os investimentos do FEIL, e un boletín sobre o Servizo municipal de Emprego. Tendo en conta o momento de crise que estamos padecendo, considera o noso grupo que se realizou un gasto excesivo en algo que para nós merece máis cualificativo de propaganda que de documentación informativa, observando unha vez máis como de dilapidan os cartos dos contribuíntes. Para o goberno debe ser este un dos xeitos de mellorar a comunicación entre o concello e veciños/as, pero para o noso grupo esta actuación ademais de ser un acto de electoralismo con cartos públicos é eticamente reprobable, xenerando entre os cidadáns unha sensación de despilfarro en momento de crise.

Ante esta situación o noso grupo municipal fai as seguintes preguntas:

- Pode informarnos o goberno do importe total do custo do mencionado envío, e cales foron as valoracións respecto do tema?

- A que partida orzamentaria foi imputado o mencionado gasto?

Don José Venancio Salcines Cristal, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que o custo do folleto foron 3.500 euros, máis o custo dos sobres, o grande estivo entre os 12 e 20 céntimos, e o máis pequeno non recorda exactamente canto, pero pensa que uns 8 céntimos.

Pensa que si foi unha medida eficaz, porque se duplicou o número de persoas que acuden á oficina de emprego municipal, para iso fixeron unha comparativa entre os 40 días anteriores e os 40 posteriores. O que si comprobaron tamén é que agora ven moita máis xente da zona do Temple e da Barcala, que son as zonas onde se concentran os novos habitantes de Cambre, e onde normalmente teñen unha menor información dos servizos municipais. Noutras parroquias onde a poboación está máis asentada e leva máis tempo, non teñen notado practicamente ningún incremento, pero si nas demandas de información do Temple e da Barcala.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que cren que é moito máis

efectivo, e sobre todo moito máis barato, facer asembleas polas parroquias, ademais de ser moito máis comunicativo e que a xente participaría máis, ademais de aforrar ese diñeiro.

2ª Xa noutra ocasión o noso grupo solicitaba se eliminase a vexetación existente nun soar lindeiro coa estrada de Cambre ao Temple fronte o colexio Portofaro que impide a visibilidade para incorporarse á dita estrada, e tamén invade a beirarrúa impedindo o paso da persoas, ocasionando un alto grao de perigosidade, tendo en conta ademais a afluencia diaria de nenos/as ao mencionado colexio, é un dos lugares de maior circulación do concello.

- Cal foi o motivo de non levar a cabo a roza e limpeza da vexetación existente?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que ese terreo non é de propiedade municipal, pero que xa se iniciou un expediente de orde de execución ao seu propietario.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que lamenta que, despois do rogo que fixo xa fai dous ou tres plenos, continúe aí esa vexetación, sen poder rozala, cando está cubrindo parcialmente a beirarrúa, e está ocasionando un perigo continuo e diario aos veciños e, sobre todo, aos nenos e nenas que acuden diariamente ao colexio Portofaro. Di que bastaría con ir alí e curtala e incluso lle chega a parecer un deixamento de responsabilidade por parte da concelleira. Pregunta por que non lle abriron un expediente aos propietarios do terreo fai dous meses, ou polo menos non limparon a parte que corresponde á beirarrúa e á estrada.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que lle repite que se trata dunha propiedade privada e que o concello non se pode meter sen máis nunha propiedade que non é súa, sen consentimento do titular, ou sen tramitar o correspondente expediente.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que o concello non poderá entrar nunha propiedade privada pero a maleza si que pode invadir a propiedade do concello, a beirarrúa, co conseguinte perigo para as persoas. Pensa que deberían actuar coa maior premura.

3ª A Consellería de Cultura vén de convocar unha liña de axudas destinadas á conservación e restauración de bens etnográficos, inventariados, entre outras cousas co obxecto de protexer e conservar o patrimonio, etc.

- Ten presentado o goberno municipal algunha solicitude dentro desta convocatoria para algún dos elementos sinalados? No caso afirmativo cal sería a actuación a desenvolver.

- Que información ten difundido o concello respecto do tema?

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira de Cultura e Turismo, contesta que esta liña de subvencións que sacou a Consellería de Cultura non vai destinada a concellos, senón a entidades sen ánimo de lucro. Todos os anos se lles envía unha carta explicativa a todas as asociacións que figuran no rexistro municipal.

Tamén lle di que ata o día de hoxe, non houbo ningunha resposta afirmativa, só lembra que o ano pasado se presentou unha asociación que quería o arranxo dun lavadoiro, pero ante os requisitos que se esixían desistiu de pedir a subvención.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que na pregunta se refería a que tipo de información se deu, porque el non a atopou na páxina web, nin nos paneis luminosos, e pensa que é importante que iso se faga, porque pode haber particulares que queiran optar.

Dona Erundina Prado Arcay di que pensa que era só para entidades, non para particulares, pero que comprobará a convocatoria e que, en todo caso, se non está incluído na páxina web, di que o lamenta.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que a súa información procede de noticias da propia Xunta que só fala de propietarios de bens inmobles, e non concreta nada sobre entidades sen ánimo de lucro, pero que o que solicita é que se manteña informados aos veciños.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia